



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CPI DE BEMBIBRE
Rúa Socortes, 18-15873 Bembibre
881866981
cpi.bembibre@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpibembibre/>

CPI DE BEMBIBRE:

PLAN DE IGUALDADE

VERSIÓN: 14/11/2023

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	2
2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	3
2.1.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA	3
2.2.- CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO	5
2.2.1.- <u>Proxecto Educativo de Centro (PEC)</u>	5
2.2.2.- <u>Concreción Curricular</u>	6
2.2.3.- <u>Programación Xeral Anual (PXA)</u>	8
2.2.4.- <u>Normas de Organización e Funcionamento (NOF)</u>	8
2.2.5.- <u>Plan de Convivencia</u>	9
2.2.6.- <u>Plan de Acción tutorial (PAT)</u>	10
3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA	10
3.1.- FORTALEZAS E DEBILIDADES NO CPI DE BEMBIBRE	10
4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN	15
4.1.- RELACIONADOS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES	15
4.2.- RELACIONADOS COA PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	15
4.3.- RELACIONADOS COA PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL	16
4.4.- RELACIONADOS COA PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGTBIFOBIA	16
5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS	17
5.1.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO	17
5.2.- ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES	18
5.3.- XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO	18
5.4.- INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR	19
6.- DIFUSIÓN DO PLAN DE IGUALDADE	20
7.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	20

1.- INTRODUCCIÓN

No noso compromiso constante por promover unha contorna educativa inclusiva e equitativa, compráenos presentar o Plan de Igualdade do CPI de Bembibre. Desde o noso centro recoñecemos que a igualdade é un principio fundamental que debe penetrar en todos os aspectos da educación, non só nas aulas, senón en cada interacción e dinámica dentro da nosa comunidade educativa.

Este plan nace da convicción de que todos os individuos, independentemente do seu xénero, orientación sexual, orixe étnica, capacidades ou calquera outra característica, merecen ser tratados con dignidade, respecto e xustiza na nosa contorna escolar. O noso propósito é establecer as bases para unha educación que respecte a diversidade, promova a igualdade de oportunidades e elimine calquera forma de discriminación.

A pesar das campañas de sensibilización realizadas nos últimos anos dirixidas ao conxunto da sociedade, non só seguimos observando feitos e comportamentos que evidencian desigualdades persoais, sociais e profesionais entre homes e mulleres, senón que en ocasións prodúcense retrocesos.

Como comunidade educativa inmersa na sociedade actual e comprometida coa mesma, debemos introducir prácticas educativas que promovan cambios nas relacións de xénero, que permitan corrixir os estereotipos sexistas, as condutas discriminatorias e a violencia contra a muller, axudando na construción dunhas relacións entre os dous sexos baseadas no respecto e a corresponsabilidade.

De forma moi especial, a educación debe ser un elemento fundamental na prevención da violencia de xénero, colaborando nas tarefas de sensibilización, prevención e detección da mesma e promovendo o coñecemento das súas causas, características e consecuencias. Hai que modificar os factores culturais que subxacen na orixe da devandita violencia e loitar contra a tolerancia social en calquera das súas manifestacións.

A educación baseada na Igualdade, convértese nunha ferramenta que permite combater as situacións de desigualdade e discriminación de xénero presentes no ámbito educativo e na sociedade en xeral. Este Plan de Igualdade está concibido, polo tanto, coa finalidade de facilitar a introdución da perspectiva de xénero de modo transversal en todos os contidos, espazos, relacións, etc. que se desenvolven no noso centro educativo.

Por todo o exposto anteriormente, é obvio que desde o centro educativo apostamos pola coeducación como única vía para aprender a relacionarse en igualdade homes e mulleres, promovendo unha sociedade sen violencia, máis xusta e máis equitativa, onde non existan as xerarquías.

O plan de igualdade basearase nos principios de valores democráticos, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade.

1. Valores democráticos: a coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.
2. Transversalidade: a perspectiva de xénero integrarase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.
3. Inclusión: a aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

4. Igualdade de oportunidades: o centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

5. Visibilidade: o plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

Para conseguir o noso propósito será imprescindible a implicación do profesorado para que incorpore de forma transversal no seu labor docente aquelas medidas que recolle e por suposto, para que deseñe outras actividades específicas que contribúan a erradicar a desigualdade, ofrecendo unha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado.

Aínda que somos un centro bastante tranquilo onde case non hai problemas relacionados coa aparición de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, hai que lembrar que existen mecanismos de actuación específicos para ese tipo de situacións, a primeira e máis importante ten que ver coa prevención, que se realiza fundamentalmente a través do traballo diario do profesorado xa sexa nas súas clases, titorías ou colaborando activamente na organización e realización de actividades específicas deseñadas para traballar aspectos relacionados coa coeducación, a igualdade e o respecto entre as persoas.

Por último, indicar que a xefa de estudos de ESO, que xa ostenta o cargo de Coordinadora de Benestar e a Convivencia será tamén a responsable de igualdade, que colaborará cos Equipos de Biblioteca e co EDLG, na organización e deseño daquelas actividades realizadas no centro relacionadas coa promoción da coeducación, da igualdade entre mulleres e homes, da tolerancia e do respecto . Así mesmo, é necesario lembrar que temos unha Comisión de Convivencia formada polo director, os xefes de estudo, a orientadora, un profesor de ESO, unha nai e un alumno, que vela polo cumprimento dos obxectivos e contidos relacionados coa igualdade e que intervén na activación dos protocolos establecidos para aquelas condutas contrarias á convivencia por razón de xénero que poidan aparecer.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

2.1.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

As principais referencias legislativas relacionadas coa igualdade son as seguintes:

No ámbito internacional

- Declaración Universal de Dereitos Humanos, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1948.
- Declaración Universal dos dereitos dos nenos e nenas, 1959.
- Convención dos Dereitos do Neno, ratificada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1989.
- Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, de 2006.

- Tratado de Funcionamento da Unión Europea (2007).
- Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita fronte á violencia contra as mulleres e á violencia doméstica, coñecido como Convenio de Istambul (2011).
- Foro Mundial sobre educación (2015), aprobou a Declaración de Incheon para a Educación 2030.
- Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes

No ámbito Estatal

- Constitución española de 1978.
- Lei 16/1983, de 24 de outubro, de creación do Organismo Autónomo Instituto da Muller.
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.
- Orde IGD/577/2020, de 24 de xuño, pola que crease o Consello de Participación das persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais (LGTBI) e regúlase o seu funcionamento.
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
- Lei 15/2022 do 12 de xullo, para a igualdade de trato e a non discriminación.

No ámbito Autonómico

- Estatuto de Autonomía de Galicia, 1981.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Protocolo Educativo para garantir a Igualdade, a non Discriminación e a Liberdade de Identidade de Xénero, 2017 (Consellería de Educación).

- Instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da consellería de educación, universidade e formación profesional.
- Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo, 2020 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral de Igualdade).
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027.

2.2.- CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

2.2.1.- No Proxecto Educativo de Centro (PEC)

Na Introducción:

“Neste espazo, celebramos a diversidade, a inclusión e o respecto mutuo. Valoramos a singularidade de cada individuo e cremos que é esa diversidade a que enriquece as nosas aulas, promovendo un ambiente de aprendizaxe no que cada estudante sintase apoiado, desafiado e motivado a alcanzar o seu máximo potencial”.

“Pretendemos que o noso centro escolar sexa un lugar para a aprendizaxe e a convivencia onde toda a comunidade escolar atope un punto de referencia para sentirse integrado e respectado nas súas crenzas, valores e dereitos”.

“O profesorado, o alumnado e os familias temos un obxectivo común que é acadar o éxito académico e persoal dos nosos nenos e nenas, aproveitando as oportunidades que nos brinda unha educación baseada na liberdade e no respecto mutuo.

“Será este un marco que recolla o respecto ás maiorías e minorías, a non discriminación e a inclusión educativa”.

No apartado de Sinais de Identidade do Centro:

En relación aos Valores:

“A empatía: hai que aprender a poñerse no lugar do outro, tanto a nivel cognitivo como afectivo, é un valor educativo que nos fai máis comprensivos, respectuosos e tolerantes como persoas”.

“A ética: Os valores éticos e morais constitúen o que somos e como nos relacionamos cos demais. O feito de que os nenos/as aprendan desde pequenos a importancia de ser honestos e respectuosos con eles mesmos e co resto, inflúe no seu desenvolvemento e comportamento ao longo da súa vida”.

“A Igualdade: Apostamos por unha educación baseada na igualdade, no respecto e na tolerancia, deixando a parte calquera tipo de discriminacións por razón de sexo, raza, crenza, relixión, Teremos en conta que na nosa liña metodolóxica non existan condutas que apoiem os roles sexistas atribuídos a ambos sexos”.

“A Integración: Consideramos que todo alumno do noso centro debe integrarse totalmente no mesmo, con igualdade de dereitos e deberes”.

“O Compromiso: Potenciaremos valores como a tolerancia, a solidariedade, a convivencia, a paz e a igualdade, fomentando no alumnado co noso exemplo, actitudes de diálogo, de respecto mutuo e de respecto a todos os pobos e culturas”.

“A Convivencia e participación: Fomentárase a participación de toda a comunidade escolar na xestión do centro baseándose no pluralismo e nos valores democráticos de convivencia. As relacións entre os diversos compoñentes estarán presididas polo respecto, o diálogo e a tolerancia coas ideas e os puntos de vista alleos e a disciplina no cumprimento das normas de convivencia”.

En relación aos Principios:

“a) O cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os dereitos do neno de Nacións Unidas, a inclusión educativa e a aplicación dos principios do deseño universal de aprendizaxe”.

“c) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade”.

“d) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que axuden a superar calquera tipo de discriminación”.

“j) O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.

“l) O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.

2.2.2.- Na Concreción curricular

No apartado dos obxectivos xerais do centro: prioridades de actuación

“4) Establecer un marco de convivencia baseado no respecto mutuo e a tolerancia, fomentando a resolución pacífica de conflitos e rexeitando os comportamentos violentos”.

“8) Potenciar a atención á diversidade do alumnado, promovendo unha educación inclusiva”.

“14) Promover no alumnado o convencemento da necesidade de asumir os deberes, exercer os seus dereitos, practicar a tolerancia e prepararse para o exercicio da cidadanía

democrática”.

“15) Respetar a diferenza de sexos e rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres como forma de previr a violencia de xénero”.

No apartado de competencias do equipo directivo:

“d) Propoñer á comunidade escolar actuacións de carácter preventivo que favorezan as relacións entre os distintos colectivos que a integran e melloren a convivencia no centro”.

No apartado de competencias do director:

“f) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impoñer...”.

No apartado dos obxectivos para a Etapa de Educación Infantil:

“h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes, reixetando calquera discriminación por razón de sexo”.

No apartado dos obxectivos para a Etapa de Educación Primaria:

“d) Coñecer, comprender, respectar e valorar de forma positiva as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións”.

“m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas”.

*No apartado dos obxectivos para a Etapa de Educación Secundaria:

“c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes”.

“d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, buscando sempre a resolución pacífica dos conflitos”.

No apartado das decisións sobre os elementos transversais en educación infantil:

“Atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven, empregando unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas”.

No apartado das decisións sobre os elementos transversais en educación primaria:

“Desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual”.

“Promoverase a resolución pacífica de conflitos, así como valores relacionados coa liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto polos dereitos humanos, evitando os comportamentos sexistas, así como calquera tipo de discriminación”.

No apartado das decisións sobre os elementos transversais en educación secundaria:

-“A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias”.

“Fomentaranse a igualdade, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a concienciación sobre o cambio climático e a sustentabilidade, o consumo responsable o respecto mutuo”.

“Promoverase a resolución pacífica de conflitos, potenciado valores relacionados coa liberdade, a xustiza, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos, a pluralidade, evitando comportamentos sexistas, condutas violentas e calquera tipo de discriminación”.

No apartado dos Principios de intervención educativa:

“A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais”.

“A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, e que axuden a superar calquera tipo de discriminación”.

2.2.3.- Na Programación Xeral Anual (PXA)

No apartado dos obxectivos relacionados co ámbito didáctico e pedagógico:

“15.- Traballar activamente na tolerancia, no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, como ferramenta para mellorar a convivencia no centro”.

2.2.4.- Nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF)

Nos obxectivos principais:

“a) Transmitir e fomentar o cumprimento dos deberes e dos dereitos dos membros da comunidade educativa, potenciando hábitos de convivencia e respecto mutuo”.

No apartado de deberes do profesorado:

"Respectar a dignidade persoal dos alumnos, evitando calquera tipo de trato degradante ou humillante".

"Non discriminar a ningún alumno por razón de raza, sexo, lingua, capacidade económica, nivel social, discapacidade ou procedencia".

No apartado dos dereitos do alumnado:

"A non ser discriminados pola súa raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, nin polas súas discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra circunstancia persoal ou social".

"A que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes".

No apartado das condutas contrarias leves á convivencia do centro:

"Nº 24: Actos de discriminación contra os membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais ou calquera outra condición persoal ou social. (Persoa que observa a conduta, titor, XE).

Corrección á conduta anterior: Parte de incidencias con comunicación por escrito aos pais e realización de tarefas. Parte de incidencias con comunicación por escrito aos pais e perda do dereito de actividades complementarias".

"Nº 25: Actos reiterados de discriminación contra os membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais ou calquera outra condición persoal ou social. (Persoa que observa a conduta, XE, titor, director, Comisión de Convivencia)".

Corrección á conduta anterior: Parte de incidencias con comunicación por escrito aos pais. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un periodo máximo de tres días lectivos. Aula de Convivencia".

No apartado das condutas contrarias gravemente perxudiciais á convivencia do centro:

"Nº 2: Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Corrección á conduta anterior: tramitación de procedemento disciplinario".

2.2.5.- Plan de Convivencia

No apartado dos obxectivos do plan:

"f) Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no

fomento da igualdade entre homes e mulleres”.

“g) Promover no centro educativo un clima de respecto mutuo, baseado en valores como a tolerancia, a non discriminación e a igualdade, como medio para conseguir unha convivencia pacífica”.

“l) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas, concienciando á comunidade educativa para que rexeite e denuncie este tipo de manifestacións”.

No apartado das condutas leves contrarias á convivencia e no das condutas gravemente perxudiciais á convivencia e as súas correccións, aparecen as mesmas citadas anteriormente cando falamos do NOF.

2.2.6.- Plan de Acción tutorial (PAT)

Plan de Acción Tutorial de educación infantil e primaria:

No apartado que recolle os contidos para esas etapas, o 2º gran bloque de contidos é:

“2) Ensinar a convivir , a comportarse e a ser persoa”, co obxectivo de propiciar nos alumnos/as a capacidade de adaptación escolar e social. Propoñendo para conseguilo, actividades relacionadas coa mellora das habilidades sociais, actividades contra o racismo e a xenofobia e actividades para a potenciación do respecto e a tolerancia entre as persoas”.

Plan de Acción Tutorial de educación secundaria:

No apartado que recolle os contidos para esa etapa, o 2º gran bloque de contidos é:

“2) Ensinar a convivir , a comportarse e a ser persoa”, co obxectivo de propiciar nos alumnos/as a capacidade de adaptación escolar e social. Propoñendo para conseguilo, actividades relacionadas coa mellora das habilidades sociais, actividades contra o racismo e a xenofobia, actividades de educación sexual e actividades para a potenciación do respecto e a tolerancia entre as persoas”.

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.

3.1.- FORTALEZAS E DEBILIDADES NO CPI DE BEMBIBRE

A análise podémola enfocar establecendo cales son as fortalezas e debilidades que detectamos no CPI de Bembibre en diferentes ámbitos, relacionadas sempre coa desigualdade e violencia de xénero e coa tolerancia e respecto ao colectivos como o LGTBI.

Representación de profesoras e alumnas nos distintos órganos de decisión :

PROFESORAS:	
FORTALEZAS	DEBILIDADES
<p>Equipo directivo: 50%. Consello Escolar: 73%. Comisión de Convivencia: 50%. CCP: 66%. Titores de grupo: 73%. Equipos de Bibliotecas: 71%. EDLG: 78%.</p>	
ALUMNAS:	
FORTALEZAS	DEBILIDADES
<p>Comisión de Convivencia: 100%. Consello Escolar: 66% Os datos anteriores, a excepción da participación das rapazas na xunta de delegados, demostran que o modelo feminino está presente permanentemente na vida escolar.</p>	<p>Xunta de Delegados: 12%. (son elixidos por votación en cada grupo aula)</p>
<p>Os datos anteriores, a excepción da participación das alumnas na xunta de delegados, demostran que o modelo feminino está presente permanentemente na vida escolar.</p>	

Escolarización de alumnas nas diferentes etapas educativas:	
FORTALEZAS	DEBILIDADES
	<p>Alumnas matriculadas en infantil: 42% Alumnas matriculadas en primaria: 40% Alumnas matriculadas en secundaria: 49%</p>
<p>Foi colocado na columna de debilidades simplemente pola desventaxa en relación á porcentaxe de alumnas matriculadas sobre o total que é algo maior ao 43%. O dato lóxicamente non o podemos modificar e vai fluctuando periódicamente en función do sexo dos bebés que van nacendo.</p>	

Nivel de resultados académicos por xéneros (promoción de curso):	
FORTALEZAS	DEBILIDADES
<p>Primaria: 100% de alumnas e alumnas promocionan de curso. ESO: no promocionan de curso sobre o 8%</p>	

do total de alumnas, mentres que en alumnos a porcentaxe establécese en torno ao 6%.

A pesar de que existe unha pequena diferenza a favor dos rapaces, entendemos que non existe ningunha relación discriminatoria entre os alumnado promocionado e o seu xénero, sendo algo circunstancial que pode cambiar dun curso para outro.

Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Non temos ningún caso de necesidade de apoio educativo que poidera ser motivado por problemas de inclusión no seu grupo de referencia.	
Todas as medidas de apoio educativo establecidas polo D.O. son por outros motivos e por suposto, ningún deles tampouco están relacionado co xénero do alumno/a.	

Abandono escolar temperá, taxa de idoneidade e absentismo escolar:

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> - Non existe no centro ningún problema asociado ao absentismo escolar, de feito, nos últimos anos non se tramitou ningún protocolo de absentismo escolar a ningún alumno/a. - En relación ao abandono escolar temperá, comentar que son escasos os alumnos/as que non consiguen o graduado en educación secundaria obrigatoria e practicamente todos/as continúan a súa formación no bacharelato ou na formación profesional. 	
Non hai ningún indicador que confirme unha relación causal entre o xénero feminino e a non realización de estudos postobrigatorios ou o abandono temperá, de feito, o máis frecuente nos poucos casos que se dan é que sexan os homes os que rematen a súa formación cos estudos de secundaria, accedendo ao mercado laboral con 16 anos.	

Rexistro de condutas contrarias á convivencia:

FORTALEZAS	DEBILIDADES
------------	-------------

No referente a este tipo de condutas o CPI de Bembibre é un centro bastante tranquilo, donde non é frecuente que aparezan problemas importantes relacionados coa convivencia, de feito nos últimos anos non rexistramos ningunha conduta das tipificadas como gravemente perxudiciais para a convivencia relacionada coa igualdade.

Temos dous indicadores que nos proporcionan obxectividade á hora de valorar a situación real a nivel de convivencia no centro, son os Partes de Incidencias e as reunións da Comisión de Convivencia. En relación a estes dous indicadores é necesario destacar que ningún dos partes do último curso, tiveron como motivo un problema de discriminación ou desigualdade de xénero.

Uso de espazos escolares

FORTALEZAS

DEBILIDADES

- Nótase nos recreos que a pesar de que non existe ningunha limitación de utilización por xénero, tanto na etapa de educación infantil, como na de ESO, os alumnos ocupan de forma casi exclusiva os campos de fútbol, sendo moi minoritaria a presenza feminina nese espazo.

É unha situación que é posible que mellore nos próximos cursos, xa que nestes momentos o principal club de fútbol do Concello, está traballando activamente para que se consoliden equipos femininos no club, participando neles un número significativo de alumnas do colexio.

Como aspecto favorable, indicar que nos recreos as pistas de voleibol están ocupadas maioritariamente por alumnas.

Participación en actividades complementarias e extraescolares

FORTALEZAS

DEBILIDADES

-Non existe ningún condicionante en relación á condición ou ao xénero do alumnado, que poidan condicionar a súa participación nas actividades extraescolares ou complementarias organizadas polo centro.

- Nas instalacións do centro realízanse diferentes actividades extraescolares

organizadas pola ANPA e por outras entidades e calquera alumno ou alumna pode participar libremente na que desexe, independentemente da súa condición ou xénero.

Salvo contadas excepcións, todo o alumnado do centro participa nas actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro, non existindo ningún tipo de discriminación ou segregación.

Contexto socio cultural das familias

FORTALEZAS	DEBILIDADES
	- Existen bastantes familias onde detectamos unha estrutura patriarcal moi definida, onde os roles están definidos de tal forma que parece que as mulleres son as responsables do coidado dos fillos/as e de calquera aspecto relacionado coa educación e o colexio.
Parece ser que a tendencia e de cambio, pero desgraciadamente prodúcese con demasiada lentitude.	

Utilización no centro dunha linguaxe sexista a nivel escrito e/ou oral

FORTALEZAS	DEBILIDADES
- O profesorado, usa en todo momento unha linguaxe non sexista a nivel escrito e oral, en calquera interacción co alumnado, co profesorado e coas familias. - Na documentación ou comunicacións realizadas polo equipo directivo, non se observa ningún tipo de expresión escrita ou oral sexista nin discriminatória. - Todos os carteis ou letreiros que se colocan no centro, son revisados para comprobar que a súa linguaxe é adecuada.	- Non é extraño escoitar ao alumnado expresarse a nivel oral de forma incorrecta, utilizando os rapaces en ocasións expresións de tinte machista.
Non hai constancia de ningunha protesta a nivel interno ou externo, sobre a utilización dunha linguaxe escrita ou oral sexista ou discriminatória por parte do profesorado.	

Realización de actividades relacionadas coa igualdade, tolerancia, respecto, convivencia e a non discriminación

FORTALEZAS	DEBILIDADES
------------	-------------

<ul style="list-style-type: none"> - O D.O. organiza diferentes actividades relacionadas con estos aspectos a través do Plan de Acción Titorial. - A través dos equipos de biblioteca e do EDLG, organízanse numerosas actividades relacionadas coas conmemoracións que aparecen no calendario escolar. - Existe unha difusión permanente destas actividades coeducativas a través dos blogues das bibliotecas, dos seus perfís de Instagram e da páxina web do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> - Debido ás exigencias do currículo da ESO, este alumnado está máis limitado na participación nas actividades relacionadas con motivo das conmemoracións, tendo que ser seleccionadas e adaptadas para realizalas preferentemente durante os recreos.
<p>A valoración sobre a realización deste tipo de actividades é moi satisfactoria.</p>	

4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN.

4.1.- RELACIONADOS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- Potenciar as actividades basadas na coeducación, para conseguir un desenvolvemento integral das alumnas e alumnos en igualdade.
- Potenciar valores como a tolerancia, o respecto á diversidade, a colaboración e a igualdade como pilares básicos dunha educación inclusiva.
- Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, da ciencia, da política, da cultura e do desenvolvemento da sociedade.
- Incluir a igualdade de mulleres e homes nos Proxectos de Centro, nas programacións e na asignación de responsabilidades e espazos.
- Elixir materiais organizativos e didácticos inclusivos e coeducativos, reixetando aqueles que presenten calquera tipo de elementos sexistas, que promovan a desigualdade.
- Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado, unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.

4.2.- RELACIONADOS COA PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

- Estar permanentemente alerta para detectar as situacións de desigualdade que poidan aparecer no centro, prestando especial atención ás condutas, comportamentos, actitudes, linguaxe, estereotipos de xénero, etc ...
- Sensibilizar ao alumnado e as propias familias para que comuniquen o antes posible calquera situación relacionada coa desigualdade que coñezan ou que poidan sufrir.

- Traballar a través de obradoiros e nas propias aulas as relacións persoais, afectivas e sexuais, dando pautas para recoñecer as condutas prexudiciais, relacións tóxicas e situacións de sometemento.
- Crear unha metodoloxía pedagóxica que favoreza a interrelación entre alumnas e alumnos, baseada no respecto á diversidade.
- Fomentar a participación de toda a comunidade educativa en actividades realizadas no centro e fóra del relacionadas coa igualdade e violencia de xénero (actividades para o día da paz, día contra a violencia de xénero, ...)
- Utilizar os protocolos de actuación para intervir de forma rápida nos posibles casos de violencia de xénero que se detecten, priorizando a protección inmediata da vítima, aplicando as correccións correspondentes según o establecido nas NOF.

4.3.- RELACIONADOS COA PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.

- Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.
- Promover a realización de programas de formación para o profesorado relacionadas coa diversidade afectivo-sexual.
- Dotar ás bibliotecas de material (manuais, libros, recursos audiovisuais, ...) que traten sobre a temática da diversidade sexual.
- Promover a igualdade e o respecto da diversidade afectivo-sexual, a través de programas específicos para desenvolver nas titorías, obradoiros ou a través de actividades de concienciación e sensibilización.
- Corrixir segundo o N.O.F., aquelas condutas contrarias á convivencia que aparezan, que estean relacionadas coa falta de respecto cara á diversidade afectivo-sexual.

4.4.- RELACIONADOS COA PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGTBIFOBIA.

- Estar permanentemente alerta para detectar este tipo de situacións de LGTBIFOBIA que poidan aparecer no centro, prestando especial atención ás condutas, comportamentos, actitudes, linguaxe, estereotipos de xénero, etc ...
- Sensibilizar ao alumnado e as propias familias para que comuniquen o antes posible calquera situación relacionada coa LGTBIFOBIA que coñezan ou que poidan sufrir.
- Promover no centro o respecto á libre orientación sexual e o reixetamento a calquera tipo de violencia, discriminación ou agresión sexual.
- Organizar actividades específicas contra a discriminación afectivo-sexual, a través das titorías, do Plan de Acción Titorial ou das conmemoracións de certas datas, colaborando ao mesmo tempo noutras actividades que se organicen fóra do centro, como a escola de nais e pais.
- Aplicar o Protocolo de Identidade de Xénero, en caso necesario, actuando coa maior celeridade ao detectar unha situación de discriminación cara a algunha alumna ou alumno

que poida pertencer ao colectivo LGTBI, establecendo as correspondentes medidas correctoras.

5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS.

5.1.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

Seguiremos un reparto equitativo entre as mulleres e homes que forman parte dos diferentes órganos de representación e de xestión, tendo en conta que actualmente cúmprese, xa que en relación ao profesorado, non existe ningún órgano con maioría masculina.

Temos unha docente pertencente ao Consello escolar responsable de fomentar a Igualdade no centro, que coincide coa coordinadora de Benestar e Convivencia, aspectos intimamente relacionados entre eles.

Con respecto á difusión do Plan de Igualdade entre as familias, tal como sucede co NOF, Plan de Convivencia e outros documentos de centro, están a súa disposición na páxina web do centro, onde calquera pode consultalos. Así mesmo, para os alumnos/as e o profesorado habilitáranse dous taboleiros, un en cada edificio, reservados exclusivamente para información sobre aspectos relacionados coa igualdade e a coeducación, ofrecendo información variada sobre materiais de interese, cursos de formación, etc. Así mesmo, a través dos blogs das bibliotecas e dos seus perfís de Instagram, calquera persoa poderá ter acceso ás actividades realizadas, con imaxes, vídeos, etc...

Nas aulas traballarase de forma transversal a linguaxe inclusiva, igualitaria e non sexista en todas as áreas e materias das diferentes etapas educativas impartidas. Da mesma forma, nos comunicados do centro, xa sexa á administración, ás familias, aos alumnos/as ou ao profesorado, garantizaremos a utilización dunha linguaxe non sexista e respectuosa coa diversidade.

Desde o centro colaboraremos coa ANPA na realización de actividades coeducativas, no contexto da escola de nais e pais, que en colaboración co CAFI, organiza na maioría dos cursos para as familias, con temáticas variadas que engloban aspectos como a educación baseada no respecto, a tolerancia e a igualdade.

Así mesmo, cada curso programaremos algunha actividade conxunta coa Asociación de discapacitados AVANTE, situada no mesmo Concello de Val do Dubra. Nestas actividades os nosos alumnos/as interactuarán cos discapacitados, desenvolvendo así habilidades relacionadas coa non discriminación, a tolerancia e o respecto a diversidade coas persoas.

Desde os equipos de biblioteca e desde o EDLG organizarán en cada curso, diferentes actividades relacionadas coa coeducación e a igualdade, tanto nas datas sinaladas para determinadas conmemoracións (Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Paz, Día Internacional da Muller, ...) como noutras.

O departamento de orientación, a través do Plan de Acción Titorial, tamén desenvolverá cada curso actuacións específicas en forma de obradoiros e/ou charlas, relacionadas coa igualdade e a educación afectivo sexual.

O Concello, a través das actividades ofertadas pola Deputación, tamén colabora co centro educativo, ofrecéndonos cada curso diferentes actividades relacionadas coa Igualdade, a Coeducación e a Tolerancia.

Tanto na Concreción do Plan de Igualdade integrada na Programación Xeral Anual, como na Memoria Anual de Centro, todas estas actividades comentadas anteriormente, serán detalladas en cada curso de forma concreta.

Con respecto ao desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos sexistas, a orientadora organizará durante as titorías do terceiro trimestre, sesións de información e orientación específica para os alumnos/as de 4º de ESO, que serán complementadas, cunha visita ao CIFP Compostela e ao CIFP Politécnico de Santiago.

5.2.- ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

En cada unha das programacións de calquera das etapas, existen referencias obrigatorias ao desenvolvemento da práctica docente desde unha perspectiva de xénero. Podémolas observar no apartado da programación referente á concreción dos elementos transversais, onde haberá que relacionar cada unha das unidades didácticas co traballo de aspectos relacionados coa Igualdade de Xénero e a Educación Emocional e en Valores.

De igual forma, desde a CCP incídese na necesidade de revisar os materiais e recursos didácticos empregados en clase, que por suposto non poderán ser sexistas ou intolerantes.

Respecto á concreción das actividades curriculares de sensibilización sobre aspectos como a desigualdade de xénero, o colectivo LGTBI, a discriminación da muller ou a violencia de xénero, cada docente as integrará directamente nas súas clases ou deseñará algunha actividade complementaria ou extraescolar para o seu traballo.

5.3.- XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

Temos habilitados dous taboleiros, un para o edificio de educación infantil e primaria e o outro para o de educación secundaria, que serán de uso exclusivo para temas relacionados coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, co colectivo LGTBI e a discriminación e violencia de xénero.

A utilización dos taboleiros será libre para calquera membro da comunidade educativa, que poderá poñer calquera noticia, artigo, oferta de formación, convocatoria, etc... A coordinadora do Plan de Igualdade revisará periodicamente os taboleiros para comprobar que son utilizados exclusivamente para temas de igualdade. No caso de falta de espazo, primeiro retiraríanse aquelas convocatorias ou ofertas de formación que estivesen fóra de prazo, se con esa medida non se solucionara o problema, por norma xeral serían retiradas seguindo o orden cronolóxico de colocación, aínda que podería haber algunha excepción xustificada que non cumprise a norma.

Habilitaremos espazos específicos en cada unha das bibliotecas, cunha selección de

lecturas coeducativas recomendadas tanto para o profesorado como para o alumnado.

As entidades ou organismos, públicos ou privados, contratados ou que colaboran habitualmente co centro na promoción e difusión de actividades coeducativas baseadas na igualdade e na tolerancia, teñen unha solvencia e prestixio fóra de calquera dúbida. Exemplos do anterior atopámoslos en entidades ou organismos como a Cruz Vermella, a Garda Civil, o centro quérote + ou o Concello de Val do Dubra, que realizan ou ofertan habitualmente diferentes actividades formativas e de sensibilización no centro.

A excepción dos baños, non existe no recinto escolar ningún espazo restrinxido en función do xénero do alumno/a, tendo todas e todos acceso ás diferentes dependenzas do centro educativo.

A utilización dos espazos tecnolóxicos está libre de calquera discriminación de xénero, nos equipos de libre utilización das bibliotecas, establécense quendas para racionalizar o seu uso e evitar unha utilización desigual.

Con respecto á promoción e prevención da discriminación de xénero no ámbito da orientación educativa, recordar que no traballo de orientación laboral que realiza a orientadora co alumnado de 4º de ESO, en todo momento están presentes esos aspectos, que se recollen especificamente no Plan de Orientación:

- Adquirir destrezas cognitivas e habilidades necesarias para saber elixir ante as diferentes opcións académicas e/ou profesionais.
- Axudar a coñecer e a analizar o mundo académico e profesional, e o que un é e desexa ser
- Sensibilizar aos alumnos/as sobre a necesidade e importancia de pararse a reflexionar sobre o seu futuro inmediato académico e profesional.

5.4.- INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

No CPI de Bembibre estamos concienciados coa promoción dos valores coeducativos entre a comunidade educativa. Aspectos como o respecto, a tolerancia, a non discriminación e o bo trato entre mulleres e homes fundamentan o noso labor diario.

Para a transmisión deses valores entre a comunidade educativa e avanzar na sensibilización e concienciación dos nosos alumnos/as sobre a necesidade de erradicar da sociedade a desigualdade entre mulleres e homes, a discriminación e a violencia de xénero e a discriminación sexual, ademais da implicación e o traballo diario do profesorado nas súas clases, pensamos que é fundamental seguir mellorando e ampliando todas aquelas actividades coeducativas propostas, potenciando especialmente aquelas nas que os alumnos/as teñan unha participación activa e non sexan simples espectadores. Para alcanzar este obxectivo de mellora, desde o equipo directivo dotarase aos equipos de biblioteca, ao equipo de dinamización da lingua galega e ao D.O., que son os canalizadores da maioría das actividades coeducativas a nivel de centro, dos recursos necesarios, sempre loxicamente dentro das nosas posibilidades económicas.

En definitiva, o obxectivo que perseguimos coa elaboración deste Plan de Igualdade, é seguir ofrecendo un programa educativo baseado na coeducación, que fomente a través da sensibilización e da concienciación, a igualdade de xénero e o respecto á diversidade,

contribuíndo desta forma á prevención da aparición de condutas machistas en calquera ámbito da comunidade escolar.

6.- DIFUSIÓN DO PLAN DE IGUALDADE.

Ao profesorado: antes da súa presentación e posterior aprobación polo Consello Escolar será enviado por correo electrónico a todos os integrantes do Claustro.

Ao alumnado: a principio de curso serán informados nas titorías dos principais aspectos deste Plan.

Ao persoal non docente: o seu representante no Consello Escolar será o encargado de comunicarlles a aprobación do Plan e onde poden consultalo.

Ás familias: informaráselles da súa publicación na páxina web do centro, concretamente no apartado de “Documentos Xerais”

De forma permanente este documento poderase consultar na sección de documentos xerais da páxina web do centro

7.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

A avaliación do Plan de Igualdade será realizada polo equipo directivo, que terá en conta as achegas do ANPA en relación aos datos de participación das familias nas posibles actividades realizadas en referencia ás actividades da escola de nais e pais, así como a opinión dos alumnos/as e a do profesorado, especialmente dos que forman parte dos equipos de biblioteca e da responsable do equipo de dinamización da lingua galega.

A avaliación será continua e formativa e valoraranse os seguintes aspectos:

- As actitudes e comportamentos xerados no alumnado.
- A participación e cooperación das familias.
- A participación e implicación do profesorado.
- A consecución dos obxectivos.
- As actividades programadas.
- Os recursos e materiais empregados.
- A temporalización.
- A adecuación dos espazos.

A avaliación do alumnado realizarase mediante a observación e posterior anotación. Será positiva se conseguimos unha boa participación nas actividades e un cambio positivo de actitude nalgunhas das manifestacións sexistas que se dan.

A avaliación das familias considerarámosa positiva se conseguimos que os pais participen nunha porcentaxe importante nas actividades coeducativas promovidas a través da escola de nais e pais. Así mesmo, avaliaremos a participación das familias na transmisión cara aos seus fillos/as, dos valores relacionados coa igualdade e o respecto aos demais.

A avaliación do profesorado levarémola a cabo en reunións do centro, nas que valoraremos a implicación dos profesores/ as no desenvolvemento do plan, as actividades realizadas, a elaboración dos materiais, etc...

A consecución dos obxectivos estará moi ligada á avaliación positiva ou negativa dos apartados referentes ao alumnado, ás familias e ao profesorado.

As avaliacións das actividades, os recursos materiais e os espazos, realizaranse valorando o propio desenvolvemento das actividades.

As propostas de mellora quedarán recollidas na memoria final do Plan de Igualdade, que será anexada á memoria final de centro.